

INSCRICIÓN

A inscrición será gratuita e farase vía telemática cumplimentando o formulario que aparecerá na web www.ragc.gal. O prazo de inscrición estará aberto ata o 17 de decembro ás 13:00 horas.

As persoas que o soliciten recibirán un certificado de asistencia ao Ciclo.



REAL ACADEMIA
GALEGA DE CIENCIAS

Máis información:



CONFEDERACION DE EMPRESARIOS DE GALICIA

Facultade de Química
Avda. das Ciencias, s/n
Campus Vida
15782 Santiago de Compostela
Tel.: 981 552 235
Atención ao público: De Luns a Xoves de 9 a 13 h
www.ragc.gal
e-mail: ragciencias@ragc.gal

Rúa do Vilar, 54
15705 Santiago de Compostela
Tel.: 981 555 888
Atención ao público: De Luns a Venres de 9 a 13 h
www.ceg.es
e-mail: info@ceg.es



Fundación Barrié

Ciclo de Conferencias

A ECONOMÍA CIRCULAR: A PRIMEIRA REVOLUCIÓN DO SÉCULO XXI (XXI AVANCES EN CIENCIA E TECNOLOXÍA 2018)

Días 17, 18, 19, 20 de decembro ás 19,00 horas

Salón de Actos Confederación de Empresarios de Galicia (CEG)
Rúa do Vilar, 54 - SANTIAGO DE COMPOSTELA

O concepto de *Economía Circular*, termo que data dos anos 80 do século XX, faise presente de forma omnipresente dende o 2014 ao estar impulsado polo Parlamento Europeo na súa comunicación “En prol dunha economía circular: un programa de cero residuos para Europa”. Este feito tradúcese nun enfoque do I+D+i público e privado na UE cara ao establecemento dos principios dunha filosofía do ciclo de vida dos materiais e procesos produtivos. As empresas, como resposta á demanda dun mercado global, estanse a mover de forma rápida dende unha economía lineal clásica a un sistema circular, no que tamén están a xurdir novas oportunidades de negocio. Existe unha evolución dos sistema clásico da 3R (Reducir, Reutilizar e Reciclar) a un sistema Multi-R: Repensar, Rediseñar, Refabricar, Reparar, Redistribuir, Reducir, Reutilizar, Reciclar y Recuperar. Este troco de paradigma tradúcese en diferentes metodoloxías e modelos de negocio como a biorefinería, análise de ciclo de vida, ecoeficiencia, ecoetiquetado, ecodeseño, etc., que abren un novo abanico de oportunidades no ámbito socioeconómico.

Obxectivos e Destinatarios

O Ciclo ten como obxectivos definir, describir e analizar as implicacións que a Economía Circular ten a curto e medio prazo nas novas estratexias empresariais, afoondando nos principios da filosofía do ciclo de vida que permita atinxir a meta última dun sistema socioeconómico de residuos “cero”.

Nesta meta compre integrar os mundos da investigación e o desenvolvemento, cunha formación de profesionais que permita afrontar con éxito os desafíos deste troco completo do sector produtivo.

O Curso vai dirixido ás empresas que queiran incorporar estas novas ideas na súa estratexia futura a curto e medio prazo e aos estudantes de Grao, Mestrado e Investigadores en Formación para fomentar o coñecemento e o emprendemento.

Organizan:

Patrocina:



REAL ACADEMIA
GALEGA DE CIENCIAS



CONFEDERACION DE EMPRESARIOS DE GALICIA

CRETUS



Deputación
DA CORUÑA

PROGRAMA

Coordinadores:

Juan M. Lema Rodicio
Gumersindo Feijoo Costa

17 Decembro

19:00 - **Accións da Xunta en materia de Economía Circular**

Mari Cruz Ferreira Costa, Directora Xeral de Calidade Ambiental e Cambio Climático da Xunta de Galicia

20:00 - **Do berce ao berce no ciclo de vida dos materiais**

Gumersindo Feijoo Costa. Catedrático de Enxeñaría Química. Agrupación CRETUS, USC

18 Decembro

19:00 **A análise custe-beneficio aplicada á realidade da economía circular**

Miguel Rodríguez Méndez. Profesor Titular de Economía Aplicada. Governance and Economics research Network (GEN), Universidade de Vigo

20:00 **A eco-innovación e modelos de negocio circulares para un novo tecido produtivo**

Xavier Vence. Catedrático de Economía aplicada. Agrupación CRETUS, USC

19 Decembro

19:00- 21:00 **Promoción da economía circular dende a I+D+i**

- Ignacio Quintana. Responsable de Ecoeficiencia e Ecodiseño. IHOBE.
- Bruno de Llano. Dirección local y Autonómica. ECOEMBES.
- Juan Vieites. Secretario Xeral de Anfac-Cecopesca. Vigo

Moderador: Francisco Omil Prieto, Coordinador do Máster de Enxeñaría Ambiental, Agrupación CRETUS, USC

20 Decembro

19:00 **Modelos empresariais en base á economía circular**

- Alejo Calatayud. Responsable de comunicación e desenvolvemento de Revertia, Vigo
- Carles M. Gasol. Director Técnico de Inèdit. Barcelona

Moderador: Juan M. Lema Rodicio. Coordinador de CRETUS, USC e Académico da RAGC

20:00 **A economía circular e xestión de residuos urbanos dende a optica local**

María García Gómez. Concelleira de Medio Ambiente e Mobilidade Sostible. Concello da Coruña.